



Últimos acontecementos arredor das reivindicacións do PAS laboral:

Día 8:

A CUT, a través do secretario propón, ao resto do Comité, a convocatoria dunha reunión co Reitor e a Xerencia para intentar desbloquear a situación.

- A CIG non da o seu visto bo.
- USO rexeita a reunión.

Unha delegación de UGT intenta, de motu propio mediante unha reunión coa Xerencia, exercer de mediador de xeito infrutuoso xa que se lle di que non hai cartos.

Día 9:

A CIG emite comunicado cunha proposta que reflicte a que se levou, no seu día, ás asembleas e foi rexeitada polos traballadores/as.

A USO, mediante correo electrónico, manda aos membros do Comité unha análise onde xa se intúe a proposta que o día 10 reflectiu no comunicado que enviaron.

Día 10 (reunión do Comité)

Diante da proposta da CIG e USO, o noso sindicato entende:

- Faise máis importante, se cabe, a reunión coa Xerencia posto que nas últimas reunións que tivemos con ela díxosenos que xa non había orzamento que sustentara a “proposta” que foi ás asembleas.

Se a escusa é que non hai cartos resulta tan ilusa a proposta que fai a CIG, a que introduce agora a USO coma a que, no seu día, fixo o propio Comité por unanimidade.

- Reiteramos que á UGT, o día 8, dixéronlle que non había cartos, e que había que agardar polo reparto que, a Xunta, faría dentro do Plan de Financiamento.
- Calquera posición que se tome, tería que ter o aval das asembleas, que, unha vez máis, serían decisorias.
- Non é o momento de desviar a negociación. Corresponde agora dar solución aos compromisos que a universidade adquiriu co colectivo e non abrir un novo proceso negociador de resultado, tamén, incerto.
- Acórdase a solicitar reunión coa Xerencia.

Salientar que:

As listas de correo de PAS funcionan cuns moderadores que determinan a idoneidade do envío dos correos ou o seu rexeitamento.

Parece que para algún sindicato os moderadores están prestos para autorizar os envíos as 24 horas do día, mentres para os outros só funcionan en horario laboral.

(Se vos fixades na hora dos envíos dos últimos correos figuran horas ás que, sen horas extra, dificilmente se está no posto de traballo).

Polo menos que garden as formas.